



NORMAS DE ACTUACIÓN TRABALLADORAS E TRABALLADORES SEN FUNCIÓNS ESPECÍFICAS.

ACCIDENTE.

- No caso de accidente, informe ao Centro e, se ten os coñecementos necesarios, preste as primeiras atencións ao accidentado, ou solicite axuda, ata a chegada do Responsable de primeiros auxilios.

AMEAZA DE BOMBA.

- Se recibe unha ameaza telefónica neste senso mantéña a calma e transcriba literalmente a mensaxe, recopilando o maior número de detalles posibles. Informe inmediatamente ao Xefe de emerxencia e siga as súas instrucións.
- Se detecta a presenza dun obxecto sospeitoso non o manipule, nin utilice aparatos de radio, telefonía móbil, etc., nas súas inmediacións. Informe inmediatamente ao Xefe de emerxencia e siga as súas instrucións.

ATAQUE TERRORISTA.

- No caso de que o ataque se produza no exterior do edificio, evitará permanecer na proximidade dos accesos ao Centro, así como das fiestras deste. Non abandone o edificio e siga, en todo momento, as instrucións do persoal do Centro con funcións específicas no caso de emerxencia. Mantéña a calma, existe un procedemento de actuación.
- No caso de acceso de terroristas ao edificio, siga as normas de actuacións previstas neste senso polo Ministerio do Interior. Afástese do perigo e, se resulta posible, proceda a desaloxar o edificio. Se isto non é posible, refúxiese no interior dun recinto e bloquee os accesos a este.

INCENDIO.

- Se detecta un incendio informe inmediatamente ao resto de traballadores e traballadoras presentes na zona así coma ao Centro de control do Centro.
- No caso de detección dun incendio de reducidas proporcións (conato) os avisos serán realizados de viva voz ou por vía telefónica, reservando a activación da alarma de incendios do Centro para aquelas situacións de maior alcance, nas que sexa preciso alertar á totalidade dos ocupantes do Centro.
- Se está familiarizado co manexo dos extintores portátiles, faga uso dos que se atopen dispoñibles na zona para tratar de lograr o control do incendio.
- No caso de controlar o incendio, informe ao Centro.
- Se non fose posible o control do incendio, adopte as medidas necesarias para evitar a propagación do lume (así coma dos fumes e gases de combustión) ata a chegada do equipo de intervención e informe ao Xefe de emerxencia.



NORMAS DE ACTUACIÓN TRABALLADORAS E TRABALLADORES SEN FUNCIÓNS ESPECÍFICAS.

EVACUACIÓN.

- Recibida, a orde de evacuación, siga as instrucións dos integrantes do equipo de alarma e evacuación e proceda ao desaloxo da áreas afectadas.
- No caso de emerxencia parcial, o Xefe de emerxencia ordenará a evacuación dos ocupantes da zona afectada cara a unha zona segura.
- No caso de emerxencia xeral o Xefe de emerxencia ordenará a evacuación completa do Centro.
- Conserve a calma e realice a evacuación de xeito ordenado. Non perda o tempo pechando aplicacións e/ou recollendo as súas pertenzas persoais.
- **Sinal de dependencia desaloxada.** Se se atopa dentro dun Departamento, sala de profesores, e/ou similar, ao saír e, sempre que non supoña un risco para a súa seguridade, peche as fiestras e a porta e marque a dependencia coma desaloxada colocando unha cadeira fronte a porta.
- En presenza de fume, cubra, se é posible, as vías respiratorias cun pano, a ser posible, húmido. Se existe moito fume camiñe agachado, posto que a calor e os gases de combustión ascenden.
- Se se prenden as súas roupas, non corra, tírese ao chan e rode sobre si mesmo.
- Se se atopa atrapado nunha sala peche as portas, se é posible, tape as fendas das portas con trapos húmidos e fágase ver polas fiestras.
- No caso de emerxencia xeral, diríxase ao punto de encontro exterior previsto ao efecto, colaborando co persoal do Centro non control dos evacuados.
- Non regrese ao interior do Centro ata que lle comuniquen o final da emerxencia.

PUNTOS DE ENCONTRO.

- Espazos exteriores seguros situados nas pistas deportivas do Centro.

